

Lei 4/1991, do 8 de marzo, de reforma da Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia

Tramitación parlamentaria:

Proxecto de lei, BOPG núm. 51, do 11.8.1990.

Emendas, BOPG núm. 61, do 2.10.1990.

Debate de totalidade, DSPG núm. 35, do 9.10.1990.

Informe da Ponencia, BOPG núm. 81, do 21.11.1990.

Dictame da Comisión, BOPG núm. 92, do 13.12.1990.

Mantemento de emendas e votos particulares, BOPG núm. 92, do 13.12.1990.

Debate e aprobación polo Pleno, DSPG núm. 59, do 26.2.1991.

Publicación:

Boletín Oficial do Parlamento de Galicia núm. 119, do 6.3.1991.

Diario Oficial de Galicia núm. 51, do 13.3.1991.

Boletín Oficial del Estado núm. 102, do 29.4.1991.

Lei 4/1991, do 8 de marzo, de reforma da Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia

Esta lei foi derogada polo Decreto Lexislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de función pública de Galicia.

A Lei 23/1988, do 28 de xullo, de modificación da Lei de medidas para a reforma da función pública, altera a redacción primitiva da Lei 30/1984, do 2 de agosto, nalgúns preceptos básicos do réxime estatutario dos funcionarios públicos que, por seren dictados ó abeiro do artigo 149.1.18.º da Constitución, vinculan a tódalas administracións públicas.

Segundo o anterior, resulta necesaria a reforma dos artigos 27, 60 e 62 da Lei 4/1988, do 26 de maio, reguladora da función pública de Galicia, por se-los artigos afectados.

Así mesmo, unha coherente capacidade organizativa da Administración autonómica, por outra banda garantida pola propia Lei da función pública galega, obriga a flexibiliza-la reserva de postos de traballo a favor tanto do persoal funcionario coma do laboral, permitindo deixar aberta a posibilidade de desempeño dos ditos postos a favor deste último persoal. Para tal pretensión faise preciso introducir unha breve modificación do artigo 25 da Lei 4/1988.

Por outra banda, na exposición de motivos da referida Lei 4/1988

previase unha ulterior regulación autonómica dos dereitos, deberes, responsabilidades e réxime disciplinario da Administración autonómica de Galicia da Lei 30/1984. Producido tal evento con ocasión da publicación da Lei 23/1988, do 28 de xullo, convén que se prevexa na presente reforma a introducción dun artigo que regule e concrete a previsión de tal desenvolvemento lexislativo.

Ademais, a sentenza do Tribunal Constitucional do 18 de abril de 1989, relativa ós principios de igualdade, mérito e capacidade para o ingreso na función pública, afectou a algunhas disposicións da Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia, que é preciso adaptar.

Por último, para unha adecuada política institucional en materia de función pública e un desenvolvemento harmónico da Lei 4/1988, do 26 de maio, faise imprescindible garanti-la estabilidade no emprego, para o cal resulta necesario modifica-las disposicións transitorias afectadas polo obxecivo citado.

Por todo o exposto, o Parlamento de Galicia aprobou e eu, de con-

formidade co artigo 13.2 do Estatuto de Galicia e co artigo 24 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente, promulgo, en nome de El-Rei, a Lei de reforma da Lei 4/1988, do 28 de maio, da función pública de Galicia.

Artigo 1.º

Modifícase a redacción dos artigos 25, 27, 59, 60 e 62 da Lei 4/1988, do 26 de maio, que quedarán redactados do seguinte xeito:

«Artigo 25

1. As consellerías remitiranlle á Consellería competente en materia de función pública as relacións de postos de traballo correspondentes á súa estrutura orgánica, que conterán necesariamente os seguintes datos de cada posto:

a) Órgano ou dependencia ó que se adscribe.

b) Denominación e características esenciais, con indicación de se está ou non vacante.

c) Nivel e retribucións complementarias do persoal funcionario e categoría profesional e réxime xurídico aplicable ós postos que vai desempeña-lo persoal laboral.

d) Requisitos esixidos para o seu desempeño.

2. Os postos de traballo da Administración da Comunidade Autónoma e dos seus organismos autónomos de carácter administra-

tivo serán desempeñados por funcionarios públicos.

Exceptúanse da regra anterior e poderán ser desempeñados por persoal laboral:

a) Os postos de natureza non permanente e aqueles nos que as súas actividades se dirixan a satisfacer necesidades de carácter periódico e discontinuo.

b) Os postos nos que as súas actividades sexan propias de oficios.

c) Os postos correspondentes a áreas de actividades que requiran coñecementos técnicos especializados cando non existan corpos ou escalas de funcionarios nos que os seus membros teñan a preparación específica necesaria para o seu desempeño.

d) Os postos de carácter instrumental correspondentes ás áreas de mantemento e conservación de edificios, equipos e instalacións, e artes gráficas, así como os postos das áreas de expresión artística.

e) Os postos de traballo de organismos autónomos de carácter comercial, industrial, financeiro ou análogo, agás aqueles que impliquen exercicio da autoridade, inspección ou control correspondente á Consellería á que estean adscritos, que se reservan a funcionarios.

3. As devanditas relacións serán públicas.»

«Artigo 27

Os postos de traballo vacantes adscritos a funcionarios proveranse polos seguintes procedementos:

1.º) Concurso: Constitúe o sistema normal de provisión e nel teranse en conta unicamente os méritos esixidos na correspondente convocatoria, entre os que figurarán os adecuados ás características de cada posto de traballo, así como a posesión dun determinado grao persoal, a valoración do traballo desenvolvido en anteriores postos, os cursos de formación e perfeccionamento superados que teñan relación cos postos de traballo que se van cubrir e a antigüidade.

Para tal efecto crearanse comisións de valoración, das que se determinarán regulamentariamente a súa composición e o seu funcionamento.

2.º) Libre designación con convocatoria pública: Por este sistema cubriranse aqueles postos que así se determinen nas relacións de postos de traballo.

Para o desempeño de postos de traballo de libre designación que así se determinen nas relacións de postos de traballo, atendendo á función que se vai desempeñar, será requisito necesario estar en posesión do diploma de directivo expedido pola Escola Galega de Administración Pública ou doutros diplomas que habiliten para o exercicio do posto de traballo de que se trate.

3.º) As convocatorias e resolucións que se dicten para prover postos de traballo por concurso ou por libre designación serán anunciadas no *Diario Oficial de Galicia* pola autoridade competente para efectualos nomeamentos.

Nas convocatorias de concursos deberán incluírse en todo caso os seguintes datos e circunstancias:

— Denominación, nivel e localización do posto.

— Requisitos indispensables para desempeñalo.

— Baremo para puntualos méritos.

— Puntuación mínima para a adxudicación das vacantes convocadas.

As convocatorias para a provisión de postos por libre designación incluírán os seguintes datos:

— Denominación, nivel e localización do posto.

— Requisitos indispensables para desempeñalo.

Concederase un prazo mínimo de 15 días hábiles para presentar solicitudes, contado desde a publicación da convocatoria. Os nomeamentos de libre designación requirirán o informe previo do titular do centro orgánico ou da unidade ós que figure adscrito o posto convocado.

4.º) Anualmente, antes de proceder á oferta de emprego público,

realizárase unha convocatoria de tódolos postos de traballo vacantes, que poderán ser cubertos por funcionarios de tódalas administracións públicas, a teor do disposto na presente lei.

5.º) Os funcionarios adscritos a un posto de traballo polo procedemento de libre designación poderán ser removidos del con carácter discrecional.

6.º) Os funcionarios que accedan a un posto de traballo polo procedemento de concurso poderán ser removidos por causas sobrevidas, derivadas dunha alteración no contido do posto de traballo realizado a través das relacións de postos de traballo que modifique os supostos que serviron de base á convocatoria ou dunha falta de capacidade sobrevida para o seu desempeño manifestada por rendemento insuficiente que non comporte inhibición e que impida realizar con eficacia as funcións atribuídas ó posto. A remoción efectuarase logo de expediente contradictorio mediante resolución motivada do órgano que realizou o nomeamento, oída a xunta de persoal correspondente.

Os funcionarios afectados polo previsto neste punto seralles de aplicación o disposto no artigo 62.4 da presente lei.»

«Artigo 59

Os excedentes forzosos, excedentes voluntarios e suspensos concederáselle-lo reingreso ó servicio

activo, de existiren vacantes, con carácter provisional, ata que obteñan destino con carácter definitivo, a través de concurso de traslados.

Os reingresados provisionais terán a obriga de participar no primeiro concurso de traslados e se non o fan serán declarados, de oficio, na situación de excedentes voluntarios.»

«Artigo 60

1. A carreira administrativa consiste na promoción desde un corpo ou escala dun determinado grupo ó doutro inmediatamente superior, ou no ascenso dentro dos graos consignados ó mesmo corpo ou escala, ou no acceso a outro corpo ou escala do mesmo grupo.

2. Nas convocatorias das probas selectivas reservarase entre un mínimo dun 25% e un máximo dun 50% das vacantes convocadas para funcionarios pertencentes a corpos ou escalas do grupo inmediatamente inferior que, posuíndo a titulación esixida e demais requisitos inherentes á vacante que se vai cubrir, posúan polo menos dous anos de antigüidade no corpo ou escala de pertenza.

3. Os funcionarios que accedan a outros corpos ou escalas polo sistema de promoción interna terán, en todo caso, preferencia para cubri-los postos vacantes ofertados sobre os aspirantes que non procedan desta quenda.

As prazas reservadas a promo-

ción interna que non se cubran por este procedemento acumularanse ás de provisión libre.

4. Así mesmo, estes funcionarios conservarán o grao persoal que xa tivesen consolidado no corpo ou na escala de procedencia, sempre que estea incluído no intervalo de niveis correspondente ó novo corpo ou escala, e o tempo de servizos prestados naqueles será de aplicación, se é o caso, para a consolidación do grao persoal neste.

O disposto no presente artigo será tamén de aplicación ós funcionarios que accedan por integración a outros corpos ou escalas do mesmo grupo ou do grupo superior de acordo co previsto nesta lei.»

«Artigo 62

1. Todo funcionario posúe un grao persoal que corresponderá a un dos 30 niveis en que se clasifiquen os postos de traballo.

2. O grao persoal adquirese polo desempeño de un ou máis postos de nivel correspondente durante dous anos continuados ou durante tres con interrupción. Se durante o tempo en que o funcionario desempeña un posto se modifícase o nivel destes, o tempo do desempeño computarase no nivel máis alto co que tal posto estivese clasificado.

Non obstante o disposto no parágrafo anterior, os funcionarios que obteñan un posto de traballo superior en máis de dous niveis ó correspondente ó seu grao persoal

consolidarán cada dous anos de servizos continuados o grao superior en dous niveis ó que posúen sen que en ningún caso poidan supera-lo correspondente ó do posto desempeñado.

Os funcionarios de novo ingreso comenzarán a consolida-lo grao correspondente ó nivel do posto de traballo ó que sexan destinados.

3. Os funcionarios terán dereito, calquera que sexa o posto de traballo que desempeñen, a percibir polo menos o complemento de destino dos postos de nivel correspondente ó seu grao persoal. Non obstante, a percepción do complemento específico será sempre a que lle corresponda ó posto realmente desempeñado.

4. Os funcionarios que cesen nun posto de traballo sen obter outro polos sistemas de provisión previstos no artigo 27 da presente lei quedarán ó dispor do conselleiro, que lles atribuirá o desempeño dun posto provisional correspondente ó seu corpo ou escala, dentro da mesma localidade.

Sen prexuízo do disposto no parágrafo anterior, quen cese nun posto provisto por libre designación ou por alteración do contido ou supresión dos seus postos nas relacións de postos de traballo continuará percibindo mentres non se lle atribúa outro posto, por concurso ou por libre designación, e durante un prazo máximo de tres meses, as retribucións complementarias correspondentes ó posto

que viña desempeñando.

5. O tempo de permanencia en situación de servizos especiais será computado, para efectos de consolidación do grao persoal, como prestado no último posto desempeñado en situación de servizo activo ou no que posteriormente se obtivese por concurso.

6. A adquisición e os cambios de grao inscribíranse no Rexistro de Persoal logo de recoñecelos o órgano competente.

7. Os graos superiores dos corpos ou escalas poderán coincidir cos inferiores no corpo ou escala inmediatamente superior.»

Artigo 2.º

Engádeselle á Lei 4/1988, do 26 de maio, un novo artigo 73, que terá a seguinte redacción:

«Artigo 73

Faise extensivo ós funcionarios da Comunidade Autónoma de Galicia o réxime disciplinario establecido pola normativa do Estado.

Para tal fin un regulamento disciplinario regulará o procedemento sancionador, no cal se terán basicamente en conta os principios de eficacia e garantía.»

Artigo 3.º

1. As disposicións transitorias segunda, terceira, cuarta e oitava da Lei 4/1988, do 26 de maio, quedan sen contido e engádense as

disposicións transitorias novena, décima, décimo primeira, décimo segunda, décimo terceira e décimo cuarta, de acordo coa seguinte nova redacción:

Disposición transitoria segunda, sen contido.

Disposición transitoria terceira, sen contido.

Disposición transitoria cuarta, sen contido.

Disposición transitoria oitava, sen contido.

«Disposición transitoria novena

1. O persoal contratado laboral fixo que ocupe postos de traballo que, pola natureza das súas funcións, deben ser desempeñados por funcionarios poderá acceder á condición de funcionario, se voluntariamente optase por isto, a través da superación dun concurso-oposición libre, no que se valorarán os servizos efectivos prestados, tendo en conta os criterios de mérito e capacidade.

2. A valoración dos servizos prestados aplicarase en tres convocatorias consecutivas e durante o seu tempo de tramitación. A puntuación alcanzada acumularase á obtida na fase de oposición, e o total constituirá a puntuación final do concurso-oposición. Será condición necesaria que en cada unha das probas e no curso selectivo de formación, se é o caso, se obteña a puntuación mínima, fixada nas bases da correspondente convoca-

toria, que acreditará a idoneidade do candidato.

3. O persoal ó que se refiren as alíneas anteriores que non supere o concurso-oposición nas tres convocatorias manterá coa Administración o seu vínculo laboral que lle outorga o dereito ó desempeño dun posto de traballo de análogas condicións e na mesma localidade onde veña prestando os seus servizos.»

«Disposición transitoria décima

1. O persoal transferido polo Estado, tanto en réxime de contratación administrativa coma interino, e o persoal interino seleccionado a través das oportunas probas convocadas pola Xunta, así como os contratados administrativos en situación de expectativa de acceso á función pública conforme ó Decreto 57/1983, do 6 de abril, que estivesen en activo á entrada en vigor da presente Lei 4/1988, e o que estivese ó servizo da Comunidade Autónoma de Galicia o 1 de maio de 1990, poderán acceder á condición de funcionario mediante a participación e superación dun concurso-oposición libre, e na súa convocatoria deberanse respectar os criterios de mérito e capacidade e nel valoraranse os servizos efectivos prestados.

2. O persoal que non supere a devandita proba selectiva terá dereito á valoración dos servizos prestados noutras dúas convocatorias consecutivas e a continuar prestando servizos na Adminis-

tración autonómica mentres non se celebren, mantendo a súa situación xurídica anterior. Tal situación non condicionará a consideración de vacante do posto de traballo que viñese desempeñando.

3. Os funcionarios de carreira da Administración autonómica que reúnan os requisitos necesarios poderán participar igualmente nas mesmas probas valorándose-llos servizos prestados e outros méritos.»

«Disposición transitoria décimo primeira

1. A puntuación obtida na valoración dos servizos prestados por todo o persoal a que se refiren as disposicións transitorias novena e décima en ningún caso poderá exceder do 45% da máxima acadable nas probas selectivas correspondentes, a razón do 0,75% por mes de servizos, e será aplicable de conformidade co establecido na disposición transitoria novena, apartado 2.

2. A) O persoal interino e contratado administrativo que non supere o concurso-oposición nas tres convocatorias permanecerá prestando servizo na Administración autonómica coa condición de laboral fixo a extinguir e quedará na mesma localidade sempre que nesta exista vacante.

B) Ó devandito persoal e mais ós laborais que accedan á condición de funcionarios seranlles

recoñecidos para efectos de trienios e antigüidade os servicios prestados con anterioridade en calquera Administración pública.

C) O propio persoal, ó superalas probas selectivas, accederá á condición de funcionario en postos base dentro do grupo no que se integre.

Para estes efectos, e sen prexuízo do establecido no artigo 27.3 desta lei, con posterioridade á celebración da primeira proba de acceso, convocarase un concurso interno de traslados no que se ofertarán tódalas vacantes.

3. Para evitar unha mobilidade contraria ós intereses do servico en tanto non se resolva o concurso a que alude a alínea anterior, o persoal que acceda á condición de funcionario, así como o que se manteña na situación de interino ou a que corresponda a teor do establecido na disposición transitoria décima, apartado 2, continuará prestando servico na mesma localidade e no mesmo posto no que o viña facendo.»

«Disposición transitoria décimo segunda

O réxime previsto na disposición transitoria novena seralle de aplicación ó persoal a que se refire a transitoria quinta da Lei 4/1988.

A non superación do concurso-oposición nas tres convocatorias preceptuadas na devandita lei determinará a vinculación laboral

fixa do devandito persoal coa Administración pesqueira galega nos termos do número 3 da propia disposición novena.»

«Disposición transitoria décimo terceira

1. A primeira oferta de emprego público, na que se incluírán as probas de acceso á condición de funcionario previstas nas disposicións transitorias anteriores novena e décima, convocarase no prazo máximo de seis meses a partir da publicación da relación de postos de traballo á que se alude na disposición transitoria primeira.

2. Con anterioridade á realización da devandita oferta de emprego público convocarase un concurso para a provisión de tódolos postos de traballo que, de acordo coa relación deles, non estean ocupados por funcionarios, valorándose especialmente os servicos prestados na Administración autonómica. Só poderán participar no concurso os funcionarios que na data da convocatoria estean desempeñando un posto de traballo na Administración autonómica.»

«Disposición transitoria décimo cuarta

Para os efectos do previsto no artigo 27.2.º, segundo parágrafo, o requisito referido á existencia dos diplomas necesarios para acceder ós postos mencionados na devandita alínea aplicarase a partir dos tres anos, contados desde a entra-

da en vigor da presente lei.»

Artigo 4.º

Engádeselle á Lei 4/1988 a seguinte disposición adicional:

«Disposición adicional sétima

Nas ofertas de emprego público reservarase unha cota non inferior ó 3% das vacantes para ser cubertas entre as persoas con discapacidade igual ou superior ó 33%, de modo que progresivamente se alcance o 2% dos efectivos totais da Administración pública galega, sempre que superen as probas selectivas e que no seu momento acrediten o indicado grao de disca-

pacidade e a compatibilidade co desempeño das tarefas e funcións correspondentes segundo se determine regulamentariamente.»

Disposición derradeira

A presente lei entrará en vigor o seguinte día ó da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 8 de marzo de 1991

Manuel Fraga Iribarne
Presidente